

ACTIVIDADES PERMANENTES

- ❖ Postos de artesanía
- ❖ Exposición e exhibición de cetraría
- ❖ Currunchos infantís con monitor/a Sal, pintacaras, xogos de mesa..
 - ❖ Soprador de vidro
 - ❖ Ferreiro.
 - ❖ Canteiro.

PROGRAMA

VENRES 4 DE XULLO

19:00 Pregón pasacalle inaugural con música en directo de gaitas e percusión, acompañado de zancos e bailarina.

20:30 "Os monxes expulsados": Dous monxes templarios van berrando inxurias polas rúas. Os seus propios compañeiros da orde botáronos a paus. Todo por defender a santidad dunha cabeza incorrupta que gardan na fortaleza.

21:30 Espectáculo de lume con músicos, cuspelumes e malabaristas.

SABADO 5 DE XULLO

12:00 Pasacalle con música en directo de percusión árabe e chirimías, acompañado de bailarina de danza do ventre.

18:00 Música polo mercado. Durante as catro horas os músicos ambientarán cun repertorio de música folk, celta, medieval castelá, arábigo andalusí, xudeo sefardí e barroca as distintas rúas do mercado e acompañan as diferentes pezas teatrais.

18:30 Peza teatral. "O prendemento da meiga": Un cabaleiro templario e o seu axudante prenderon unha meiga. Perigo! Non a miredes aos ollos! Está enmeigada!. Atopárona facendo feitizos con herbas envelenadas no posto de verduras da Paca. Ao Calabozo con ela!

20:00 Animación de personaxes teatrais polo mercado. "A Inquisición": Un bispo leonés, cruel compoñente do Tribunal Supremo da Inquisición busca (e atopa) por todos os recunchos algunha clase de pecado. Os seus sicarios e soldados impasibles e implacables acaban radicalmente con calquera indicio de libertinaxe, bruxaría ou indecencia.

21:30 Espectáculo de lume con músicos, cuspelumes e malabaristas.

DOMINGO 6 DE XULLO

12:00 Pasacalle con música en directo de percusión árabe e chirimías, acompañado de bailarina de danza do ventre.

18:00 Música polo mercado. Durante as catro horas os músicos ambientan cun repertorio de música folk, celta, medieval castelá, arábigo andalusí, xudeo sefardí e barroca as distintas rúas do mercado e acompañan as diferentes pezas teatrais.

18:30 Animación de personaxes teatrais polo mercado. "Don Severino e o seu escudeiro": Aquela persoa que ouse soster a mirada de Don Severino de Ayala e Lepanto, mestre da Orde do Temple, durante máis de 3 segundos, dará a entender que quere baterse en duelo con el. O escudeiro Eufrasito armará ao valente transeúnte co que poida... e comezará a loita.

20:00 Animación de personaxes teatrais polo mercado. "Os Traficantes" : Dous caricaturescos mendigos fan o seu camiño xuntos polo mercado pedindo algunha moediña. Utilizando un a súa corcova e o outro o seu estrabismo tentan vender entre o público os inverosímiles obxectos que levan nos seus sacos, que son, por suposto, "herdados", xa que eles non rouban...

21:30 Espectáculo de lume con músicos, cuspelumes e malabaristas.